

PRESENTACIÓN DO LIBRO *ARXILOSA*
ANA ACUÑA TRABAZO

Boas noites e grazas por acompañarnos a Sabino, a Elvira e a min nesta celebración.

É emocionante volver compartir mesa con Sabino porque, como dixo a escritora Carme Blanco Ramos na anterior ocasión (en Madrid por maio de 2001), Sabino é un “histórico” da literatura galega, non en idade.

Pero, se nos achegamos á historia do tempo presente, é un pracer presentar a Elvira Riveiro. A ela teño que agradecerlle que, sen coñecerme, confiase en min para oficiar, con Sabino, este acto. Eu, que a coñecín antes como poeta (primeiro nun recital en Cerdedo e logo nesta galería co gallo das Redes Escarlata) que como persoa, só puiden dicir que si porque non podemos rexeitar aquilo que nos emociona, que nos sorprende e que nos fai querer máis, así ocorre coa palabra de Elvira Riveiro.

-A nena oleira

“O que ela amaba por enriba de todo era facer bonecos de barro –cousa que ninguén lle ensinara. Cando quería con moita forza ía pola estrada ata o río. Nunha das súas marxes, esvaradía, achábase o mellor barro que ninguén podería desexar: branco, maleable, pastoso: frío. Só con collelo, con sentir a súa frescura delicada, alegre e cega, aqueles anacos timidamente vivos, o seu corazón entenrecíase húmido case ridículo.

A nena cavaba cos dedos aquela terra pálida e lavada –na lata presa á cintura íanse reunindo os fragmentos amorfos. O río en pequenos xestos molláballe os pés descalzos e ela mexía os dedos con excitación e claridade.

No pequeno patio de cemento depositaba a súa riqueza. Mesturaba o barro coa auga, as pálpebras vibrantes de atención concentrada, o corpo á escoita, ela podía obter unha porción exacta de barro e de auga nunha sabedoría que nacía naquel mesmo instante, fresca e progresivamente

creada. Conseguía unha materia clara e tenra de onde se podería modelar un mundo.

Como, como explicar o milagre... Ela amedrentábase pensativa. nada dicía, non se movía, pero interiormente sen ningunha palabra repetía: eu non son nada, todo me pode acontecer; impedirme facer a masa de barro, estragar todo; eu sei que non son nada. Era menos que unha visión, era unha sensación no corpo, un pensamento asustado sobre o que lle permite conseguir tanto barro e auga e diante de quen ela debía humillarse con seriedade. Ela agradecíalle cunha alegría difícil, fráxil e tensa; sentía nalgunha cousa como o que non se ve cos ollos fechados. Pero o que non se ve cos ollos fechados ten unha existencia e unha forza, como o escuro, como a ausencia.

Despois de obtida a materia, no cansazo podería perder a vontade de facer bonecos. Entón ía vivindo cara adiante como unha nena.

Ás veces lembrábase do barro mollado, corría alegre e asustada cara ao patio: mergullaba os dedos naquela mestura fría, muda e constante como unha espera; amasaba, amasaba, ós poucos ía extraendo formas. Facía bebés, bacoriños, unha nai cun fillo, unha nai soa, unha nena facendo cousas de barro, unha meniña contenta, unha nena vendo que ía chover, restras de grilandas, papaventos, trenzas mazarocas de millo pegho, unha moza ollando...

Moito máis, moito máis. Pequenas formas que nada significaban, pero que eran na realidade misteriosas e calmas. Un traballo que xamais acabaría, iso era o máis fermoso que ela sabía. Pois podía facer o que existía e o que non existía!...

Listos, os bonecos eran colocados ao sol. Ninguén lle ensinara, pero ela depositaba nas manchas de sol no chan. O barro secaba mansamente, conservaba o ton claro, non enrugaba, non rachaba, mesmo seco parecía delicado, evanescente e húmido. As figuriñas así, parecían rápidas, como se fosen moverse.

Ela observaba: incluso ben acabados, os bonecos eran rudos como se puidesen aínda ser traballados. Pero vagamente, pensaba que nin ela nin ninguén podería tentar perfeccionalos sen destruír a súa liña de nacemento. Era como se eles só puidesen perfeccionarse por si mesmos, se iso fose posible.

As dificultades xurdían como unha vida que vai medrando. Os seus bonecos polo efecto do barro claro, eran pálidos. Ela descubriu que precisaba usar unha materia máis leve que non puidese sequera ser apalpada, sentida, talvez apenas vista, quen sabe.

Comprende que iso o conseguiría con tinta”

-Elvira

Este conto, cuxa base debe ser popular e que tamén recreou C. Lispector, podería relatar os primeiros anos dunha nena, chamada Elvira, que buscaba barro nas terras da parroquia de Cerponzóns (non sei se preto do río Rons). Pero realmente Elvira comezou escribindo poemas (con seis anos) antes de facer bonecos. O barro chegaría despois. E antes do barro os estudos de maxisterio ou de filoloxía.

Dixen que comezou escribindo poemas con 6 anos pero só se atreveu a ensinalos aos lectores con 30. Cantas correccións habería nestes anos, canto amasar e peneirar ata chegar a este libro!

Pero dende que coceu o primeiro boneco de tinta colabora nos medios escritos e dixitais (coa súa poesía visual, obxectual e experimental), participa en recitais e en antoloxías, concursa en premios, publica libros e mesmo os presenta.

-*Arxilosa*: paratextos

Antes de falar dos textos ou poemas de *Arxilosa*, quero chamar a atención para os paratextos, é dicir, para “os elementos que –antepostos ou pospostos- acompañan ao texto”. Entre estes elementos interésanos o título, a portada, as dedicatorias e as citas pois eles van ofrecer moita información sobre o sentido do libro.

1. O título remite á materia do poemario: a arxila. Estamos, pois, diante dunha poesía arxilosa, dunha poesía modelable dúctil coma o barro, dunha poetización da cerámica.

2. A portada tampouco nos deixa indiferentes. Nela hai algo de orgánico, que representa o corpo da palabra como a “manta yébene” do pobo Dogon (Mali). Esta simbolizaba as diferentes etapas da creación e a historia mítica dos deuses, dos antepasados e da humanidade.

Aínda que a peza de Sonia Abrollo non teña título antóllasenos esa peza animada coma os dedos dunha man, a man da muller que vai facendo xurdir formas imitando ao Creador, 1º alfareiro, e que en Galicia expresa tamén coa lenda das rías como impronta do Deus modelador. Ollamos esa man como se nela atopásemos todo o que nos pode dar o libro.

3. A dedicatoria relaciónase co título e coa portada, pois o libro está dedicado aos compañeiros das “xeiras entre arxilas”.

4. As citas amosan as lecturas explícitas de Elvira (X. Borrazás, R. Villar, A. Rimbaud, irmáns Grimm, E. Thomas) pero tamén as implícitas que a autora diferenciou en cursiva e que son un índice de intertextualidade, é dicir, de relación entre os textos, neste caso relación entre os textos de Elvira e os de Miriam Reyes, J. A. Valente, dicionario Xerais, E. Galeano, Lenise Regina ou Pati Smith.

-Arxilosa: os textos

O poema non só é un construto literario, o poema ten que ter ideas esenciais debaixo e *Arxilosa* está chea de ideas esenciais nos 50 poemas. Ideas esenciais que o maxisterio de Elvira nos comunica aos lectores a través do xogo de voces que se presenta no poemario (dialogismo entre eu/ti, eu/ela)...

Velaí algunhas desas ideas forza:

1. A temática da cerámica (24 poemas da primeira parte) nos que Elvira ofrece o relato da creación, coma unha oleira crea poemas cunha linguaxe nova, a linguaxe da arxila.

A arxila permite, por un lado, crear un mundo novo e, por outro, posibilita que nos expresemos e sintamos a través dela. É dicir, a arxila

permítenos unha nova concepción do mundo que nos rodea, permítenos – coma calquera arte- aprender a mirar.

Así por exemplo, permítenos “adiviñar un amante tenro/polas pegadas que deixa na arxila”, crebar recordos como terracotas, podreecer de ausencia como arxila abandonada, sentirnos pezas esquecidas que recobramos a memoria cando unhas mans nos tocan...

O proceso do barro é coma o da vida e aprender o misterio da arxila é estar preto do misterio da creación. Así é que a arxila converte á autora en creadora e en creado, por iso é quen de definir que somos un “pesado corpo de sumidoiro” porque “ser/ é untar as mans no costro mesto/trabar a terra/amasala do revés/enfornar o medo”.

Oleira ou boneco de barro non importa o resultado (greda ou porcelana) senón a “retórica silente/voz acantazada/de humus/na peneira, é dicir o silencio e mailo cerne: a sícile (óxido esencial da cerámica) para crear.

2. Da creación do barro é doado chegar á idea da creación poética. Barro e palabra teñen ductilidade poden ser manexables. A oleira que domeaba cuncas vai domeando, xa poeta, a palabra para crear poemas. Agora a poeta vai ser a cultivadora das fendas, do dragón.

O poemario é só unha mostra infinitesimal do modo ilimitado en que está escrita por dentro Elvira, despois de ir recuperando as palabras, mesmo as feas “que non debiamos dicir cando meniñas”

3. Dado que as formas da natureza se parecen ás da cerámica está claro que esta debía ter un espazo na *Arxilosa*, mellor 6 espazos porque son seis poemas, protexidos. A oleira poeta ensinamos a ollar “nada máis alto só as estrelas, a anicarse sobre o mundo e nin ser donos do tempo que nos mata”, a resistir cos cádavos, a cobizar a violeta do cantil, a desexar que non corten a devesa ou a entrar na bouza máxica coma nun conto infantil na procura dunha chave ou dun beixo.

4. Pero no libro aínda hai outras ideas forza como a incomunicación, a soidade, o amor, o desamor... para rematar como comezaba, ao poema nos tempos da seca e nos tempo da debaga.

E, como estamos no tempo da debaga, esperamos esa caída das palabras na voz de Elvira. “A palabra está neste mundo para todos e hai que intercambiala que vaia e veña, porque é bo dar e recibir as forzas da vida” (Ogotemmêli, pobo Dogon).

Sala de conferencias da Galería Sargadelos (Pontevedra, 29-9-2005)